

SR. JORGE CUBELA LÓPEZ  
Alcaldía de Cerdedo- Cotobade  
A Chan 11, 36856  
Carballedo Cerdedo-Cotobade  
Pontevedra

**ASUNTO: Alegacións ao ANUNCIO de información pública sobre o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da Zona Verde EL/ZV-30, no territorio de Cerdedo, concello de Cerdedo-Cotobade, do 29 de agosto de 2023, polo que se somete a información pública a aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da Zona Verde EL/ZV-30 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230829/AnuncioG0477-070823-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230829/AnuncioG0477-070823-0001_gl.html)**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
e con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,  
municipio de \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do anuncio do 29 de agosto de 2023, do concello de Cerdedo-Cotobade, polo que se somete a información pública o **Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ordenación da Zona Verde EL/ZV-30** DOG N°163 Martes 29 de agosto de 2023 Páx. 50988, por medio do presente escrito **PRESENTA AS SEGUINTE ALEGACIÓN S:**

**ALEGACIÓN 1.** O plan carece de estudo socio-económico da zona no que se recollan as necesidades poboacionais.

**ALEGACIÓN 2.** Suporía a PRIVATIZACIÓN dun espazo público que usufrutúan de xeito gratuíto, veciñanza da comarca e arredores, non só no período estival senón tamén nos meses de inverno.

**ALEGACIÓN 3.** Non ten en conta a Estratexia da biodiversidade da Unión Europea, vulnerando gravemente puntos centrais da proposta como: *Detener en 2020 la pérdida de biodiversidad y la degradación de los servicios ecosistémicos de la Unión Europea, y restaurarlos en la medida de lo posible, incrementando al mismo tiempo la contribución de la UE a la lucha contra la pérdida de biodiversidad mundial.*

**ALEGACIÓN 4.** Non se presenta un estudo económico rigoroso do propio plan, no que se desglosen os plans de mantemento, que requiriran loxísticamente, ou que media de ingresos se precisan para manter as instalacións en bo estado, o que supón un risco elevado de abandono futuro dos espazos.

**ALEGACIÓN 5.** Deficiente avaliación global da proposta en termos ecolóxicos e económicos, centrando o plan nos meses do estío e sacrificando terreo fértil e produtivo de interese agropecuario e ambiental a aparcadoiros cimentados de uso temporal.

**ALEGACIÓN 6.** Deficiente avaliación da afección a hábitats e especies de interese comunitario consonte á Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

**ALEGACIÓN 7.** Deficiente avaliación da afección a especies incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

**ALEGACIÓN 8.** Falta de xustificación en termos socio-culturais de espazos para a cultura.

**ALEGACIÓN 9.** Se se pretende un uso supramunicipal, carece dun plan de mobilidade interterritorial acorde a axenda 2020 de redución de usos individuais de vehículos e pegada de carbono.

**ALEGACIÓN 10.** Deficiente información de posible afectacións á zona de policía de augas, e a zona de caudais

**ALEGACIÓN 11.** Deficiente estudo do ciclo da auga da zona afectada a longo prazo e das súas afectacións a captacións de auga de uso humano e animal, infraestruturas , etc.

**ALEGACIÓN 12.** Non se respecta a zona de policía e a de servidume delimitada pola ORDE do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, de 24 de xaneiro, especificada no punto 2 do artigo 38 do Capítulo VII, no que di "con carácter xeral, a distancia entre o novo aproveitamento de auga otorgado mediante concesión e outro aproveitamento preexistente legalizado, outorgado mediante uso privativo por disposición legal ou mediante concesión, non poderá ser inferior a 100m.

Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO:**

1. Que se me teña por personada como parte interesada neste procedemento e se me notifiquen todas as actuacións que se produzan no mesmo
2. Estudo de zona de todos os espazos deportivos e o seu estado. Estudo económico que presente gastos e ingresos nos últimos 10 anos.
3. Estudo socio-cultural das actividades deportivas que se practican no concello, complementado cun estudo riguroso de todos os espazos xa construídos e o seu uso actual.
4. Incorporación dun plan de mobilidade interterritorial para usufrutuar dos espazos lúdicos e de lecer do concello.
5. A nulidade do deseño actual ou unha nova alternativa de deseño, que contemple de xeito holístico todas as particularidades socioculturais da comarca, evitando as grandes obras e trazados artificiais que perturban a riqueza paisaxística que distingue a zona afectada, que tan apreciado é por autóctonos e visitantes, podendo repotencializar a contorna e que este proxecto se converta nun exemplo de enxeñaría respectuosa co medio ambiente e a xente que nel habita, conservando os espazos naturais que temos, fomentando a súa posta en valor e mantemento e tendo en conta, de xeito prioritario, as persoas que habitan o territorio.
6. Informe do persoal técnico de medio ambiente do concello de Cerdedo-Cotobade a respecto deste plan.
7. Ter en conta as advertencias da emerxencia climática, e revisar e propoñer un concurso de ideas para este plan de valorización da zona verde con tempo e forma e pensado a longo prazo.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado: